

## BANDO

Comunícase a tódolos interesados que no BOP do día 8 de marzo de 2024 se publican as bases reguladoras do concurso para a concesión de subvencións para proxectos empresariais ou de autoemprego en municipios de menos poboación.

**Beneficiarios:** Persoas físicas que inicien a súa actividade empresarial ou profesional por conta propia nalgúns dos municipios que se indican, entre os que está Sandiás, sempre que cumpran os seguintes requisitos:

- Ser muller.
- Ser maior de 16 anos e menor de 30 anos de idade na data de inicio da actividade.
- Ter nacionalidade española ou ser cidadá da Unión Europea ou dos Estados parte do Acordo Económico Europeo ou de Suíza, ou ser estranxeiras titulares dunha autorización para residir en territorio español que habilite para traballar.
- Estar dado de alta como residente no padrón dalgún dos municipios ourensáns elixibles, na data de alta da actividade.
- Estar dada de alta na seguridade social en calquera réxime para o exercicio de actividades por conta propia, ou como colexiada en exercicio nunha mutualidade colexial.
- Estar dada de alta para a actividade subvencionada no municipio elixible no censo de empresarias, profesionais e retenedoras da Axencia Estatal Tributaria, mediante o modelo común.

**Contía:** consistira nunha axuda fixa de 1.134,00 euros por persoa solicitante que cumpra os requisitos establecidos.

A xestión de solicitudes realizarase cada sete días e referirse a todas as solicitudes presentadas entre as 00.01 h do xoves anterior á valoración, ata as 12.00 horas do mércores, previo ao xoves de valoración, salvo aquelas solicitudes nas que por algunha causa non fose posible comprobar os requisitos de forma automática e fose necesario pedirlle á persoas solicitante a presentación de documentación.

As persoas que resulten beneficiarias da subvención e figuran na resolución semanal recibirán na dirección sinalada na solicitude , a súa tarxeta electrónica, tarxeta “EmprendOU en Feminino”

O ALCALDE

*Asinado dixitalmente á marxe.*

Felipe Traveso García (1 para 2)  
EL ALCALDE-PRESIDENTE  
Data de Sinatura: 08/03/2024  
HASH: 9a31e9539d8286060857a5ee3407600



Sello Concello de Sandiás (2 para 2)  
Concello de Sandiás  
Data de Sinatura: 08/03/2024  
HASH: e6d7f4e5162bb403b7d3e629dd4e39d1



**BANDO**  
Número: 2024-0011 Data: 08/03/2024

Cod. Validación: 3GW4PZ5CP2GQXHHDPZQHW4US  
Corrección: <https://sandiás.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1

